


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Xosé Francisco Ferreiro Abelleira e das súas deputadas María Pilar García Negro e María Salomé Álvarez Blanco e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, relativa á inclusión nas prestacións da Rede Pública Sanitaria intervencións cirúrxicas e tratamentos necesarios para a reasignación de sexo.

Dada a existencia en Galiza, na actualidade, de persoas que demandan a intervención cirúrxica de reasignación de sexo (CRS) dentro da Rede Sanitaria Pública, urxe da administración un posicionamento claro ao respecto.

O sexo psicolóxico destas persoas está en contradición co seu sexo biolóxico, legal e social, o que conleva unha serie de complexidades que impiden o desenvolvemento da personalidade en liberdade, limita a vida cotiá normal (interrupción dos estudos, paro, maximación,...) sofrendo os seus dereitos legais diferentes dos que se merecen, que conlleva a vivencia de situacións de desemprego xurídico/legal.

O marco legal europeo, doutrina, xurisprudencia e recomendacións dalguns Organismos internacionais, e mesmo diferentes preguntas e interpelacións na Comisión Europea, ao abeiro do cal se urxe pola parte dos Estados membros da UE de legislar no tema da transexualidade, para favorecer o libre desenvolvemento da personalidade e da propia dignidade (art.



Polo exposto, presentase a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:


O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.º) Incluir, dentro das prestacións do Sergas o tratamento psicolóxico, endocrino e cirúrxico de reasignación de sexo para as persoas transexuais residentes na Galiza, creando para levar a efecto estas cuestións unha unidade especializada de tratamento.

2.º) Que inste ao Goberno Central para que modifique a lexislación vixente, permitindo a rectificación inmedita da inscrición no rexistro das persoas transexuais, así como, a modificación dos datos pertinentes no Documento Nacional de Identidade.


3.º) Que faga valer o dereito das persoas transexuais a non seren discriminadas no emprego, nen antes nen despois do cambio de sexo.

4.º) Que se lexislen e leven a cabo as medidas de acción positiva necesarias para facilitar o acceso ao emprego deste colectivo, de tal xeito que o cambio de sexo non produza a marxinación e exclusión social.




5.º) Que se realicen campañas de sensibilización social sobre esta problemática.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 1999

J. G. Negro 

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Salomé Álvarez Blanco 

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Maria Pilar Garcia Negro

Deputada e Portavoz s. do G.P. do BNG